



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 7 DE DECEMBRO DE 2018

FAVORABLES.-

LIC/735/2017.- ALFREDO FERNÁNDEZ RIOS.- Conceder licenza para executar obras de demolición e execución de terraza dunha vivenda unifamiliar sita na rúa Moas de Abaixo, 4 D.

LIC/1522/2018.- MANUEL RAÚL FRAGA DOMINGUEZ.- Conceder licenza para reestruturación e reforma interior da planta 1ª e 2ª do inmovible sito na rúa Caldeirería nº 12.

LIC/846/2018.- MARIA ASUNCIÓN RIOS CREO.- Conceder licenza para executar as obras de reforma interior de planta 3ª dun edificio de vivendas situado na rúa da Caldeirería nº 12.

LAP/151/2018.- JULIO BRENLLA, S.L.- Conceder licenza para executar obras de reforma e reconstrución de anexo para ampliación de restaurante no lugar de Ponte Sionlla, 2.

LIC/835/2018.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO R.4.1 POLIGONO FONTIÑAS.- Conceder licenza para executar as obras de instalación dun ascensor no edificio situado na rúa Varsovia nº 1.

LIC/243/2014.- JOSÉ NOYA FRAGA.- Conceder licenza para cambio de uso da planta baixo cuberta dun inmovible sito na rúa do Vilar nº 25.

LIC/1089/2018.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS CELSO EMILIO FERREIRO, 2.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para a instalación de elevador no edificio sito na rúa Celso Emilio Ferreiro nº 2.

LIC/478/2018.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AVDA. SALAMANCA, 18.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para a instalación dun ascensor na Avda. de Salamanca nº 18.

LIC/902/2018.- IGLESIAS SEXTO INMUEBLES CB.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para rehabilitación de plantas primeira, segunda e terceira nun inmovible sito na rúa do Vilar, 77.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar obras de demolición e execución de terraza dunha vivenda unifamiliar sita na rúa Moas de Abaixo, 4 D. LIC/735/2017. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para reestruturación e reforma interior da planta 1ª e 2ª do inmovible sito na rúa Caldeirería nº 12. LIC/1522/2018. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de reforma interior de planta 3ª dun edificio de vivendas situado na rúa da Caldeirería nº 12. LIC/846/2018. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar obras de reforma e reconstrución de anexo para ampliación de restaurante no lugar de Ponte Sionlla, 2. LAP/151/2018. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de instalación dun ascensor no edificio situado na rúa Varsovia nº 1. LIC/835/2018. Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para cambio de uso da planta baixo cuberta dun inmovible sito na rúa do Vilar nº 25. LIC/243/2014. Apróbase a proposta.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorización da excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para a instalación de elevador no edificio sito na rúa Celso Emilio Ferreiro nº 2. LI/1089/2018. Apróbase a proposta.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorización da excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para a instalación dun ascensor na Avda. de Salamanca nº 18. LIC/478/2018. Apróbase a proposta.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorización da excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para rehabilitación de plantas primeira, segunda e terceira nun inmovible sito na rúa do Vilar, 77. LIC/902/2018. Apróbase a proposta.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á ampliación de horario de peche nunha hora solicitado pola Asociación de Hostelería Compostela para determinadas datas. Acórdase informar favorablemente da ampliación nunha hora do horario de peche do que dispoñen na actualidade os establecementos da hostalería nas noites que van do 20 ao 31 de decembro de 2018 (Nadal) e as noites dos días 1, 3, 4, 5 e 6 de xaneiro de 2019 (Reis)

12 a 63.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, e no imposto do lixo. Apróbase a proposta.

64.- Propostas da concelleira delegada de Facenda relativas á concesión de varias exencións no imposto de bens inmoables a SECTOR VALLADOLID DEL INSTITUTO DE HERMANOS DE LAS ESCUELAS CRISTIANAS. Apróbase a proposta.

65.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á rectificación do acordo da sesión de 21.10.2015, relativo ao IIVTNU. Apróbase a proposta.

66.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos. Apróbase a proposta.

67.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Económico relativa á aceptación da concesión da subvención da Xunta de Galicia para a contratación temporal de desempregados/as, correspondente ao exercicio 2018. (2ª resolución). Acéptase a subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria por importe de 34.089,79 euros, para a contratación de catro traballadores e traballadoras. Acórdase habilitar crédito por importe de 833,78 euros para financiar os custos non previstos na subvención.

68.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais dando conta da xustificación da subvención da Xunta de Galicia para programas de inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión; e a súa convocatoria para 2017/18, cofinanciada polo FEDER 2014-2020. Dáse conta.

69.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais dando conta da xustificación do financiamento concedido pola Xunta de Galicia para o funcionamento dos servizos sociais comunitarios no ano 2017. Dáse conta.

URXENCIAS

1.-Proposta do alcalde e presidente do Consello de Administración de Incolsa relativa á contratación por parte da sociedade dunha operación de tesourería a prazo de 12 meses e por importe de 670.000 euros. Apróbase o inicio do expediente para a contratación, por parte de Incolsa, dunha operación de tesourería a curto prazo, cun límite máximo de 670.000 euros, para garantir que a sociedade poida atender en prazo os compromisos de pago derivados do exercicio da súa actividade e para cubrir os desfases temporais entre as datas de pago dos gastos e a data de cobro dos ingresos cos que se financian.

2.-Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda sobre aprobación da Oferta de Emprego do Concello para o ano 2018. Apróbase a oferta de emprego, que inclúe 45 prazas. Delas, 35 son de quenda libre, entre as que se inclúen as de estabilización de emprego, e 10 de promoción interna. Tres prazas estarán reservadas para persoas con diversidade funcional.

3.-Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración relativa á modificación da relación de postos de traballo da Brigada de Vías e Obras. Apróbase a modificación, que lle afecta ao posto de encargado/a da Brigada. O posto, vacante por xubilación, estaba reservado a persoal funcionario da administración especial do grupo C1, e pasará a estar reservado a persoal funcionario da administración especial do grupo C e subgrupos C1 ou C2. O sistema de provisión do posto de traballo será o de concurso de méritos.

4.-Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deporte e Benestar Animal relativa á aprobación dos expedientes de xustificación das subvencións concedidas ás entidades deportivas federadas. Apróbase a xustificación das subvencións, que ascenden a un total de 244.713,54 euros.

5.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación da “Cuberta da pista polideportiva de Verdía”. POS + 2018. Acórdase a apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 150.000 euros, IVE incluído.

6.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación da “Obra de mellora de equipamentos deportivos e sociais na parroquia de Figueiras”. POS + 2018. Acórdase a apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 292.083,71 euros, IVE incluído.

7.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do contrato das Obras para a dotación de equipamentos de ocio en Lavacolla. Orzamentos Participativos Compostela Decide 2018. Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa Zona de Obra O Rosal SLU por un importe de 58.951,66 euros, IVE incluído. A empresa compromete unha ampliación do prazo de garantía de cinco anos e un incremento do orzamento do control de calidade do 2 por cento.

8.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á tramitación dunha solicitude de subvención á Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de actividades dentro do evento Fairway 2019. Acórdase solicitar á Deputación da Coruña unha axuda por importe de 180.000 euros para o financiamento das actividades do Fairway, e comprométese a inclusión no orzamento de 2019 dunha partida de 45.000 euros para atender o cofinanciamento necesario para a execución da actuación.

9.-Proposta de alcaldía relativa á contratación a Sweet Nocturna SL da organización e desenvolvemento da actuación do grupo Halloween no Multiusos de Sar. Apróbase a proposta.